- Artigo 45. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
- Artigo 46. Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

- Artigo 47. Aulas de atención educativa e convivencia
- Artigo 48. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- Artigo 49. Programas de enriquecemento curricular
- Artigo 50. Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso
- Artigo 51. Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar
- Artigo 52. Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso
- Artigo 53. Programas de habilidades e competencias sociais

Sección 2ª. Medidas extraordinarias

- Artigo 54. Concepto
- Artigo 55. Adaptacións curriculares
- Artigo 56. Agrupamentos flexibles
- Artigo 57. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe
- Artigo 58. Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria
- Artigo 59. Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato
- Artigo 60. Rexistro das medidas de flexibilización
- Artigo 61. Programas de diversificación curricular
- Artigo 62. Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente
- Artigo 63. Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal
- Artigo 64. Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela
- Artigo 65. Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar
- Artigo 66. Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes
- Artigo 67. Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro
- Artigo 68. Grupos de adquisición das linguas
- Artigo 69. Grupos de adaptación da competencia curricular
- Artigo 70. Atención educativa a mozas embarazadas.

PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NESTE 23-24 **CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO**

A continuación sinalaremos todos aqueles **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** que posúe **NESTE 23-24** o **IES SÁNCHEZ CANTÓN** para un correcto cumprimento dos principios de normalización defendidos na actual lexislación educativa.

Sección 1ª. Medidas ordinarias :

- Artigo 44. **Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.**
- Artigo 45. **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.**
- Artigo 46. **Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.**
- Artigo 47. **Aulas de atención educativa e convivencia.**
- Artigo 48. **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.**
- Artigo 49. **Programas de enriquecemento curricular.**
- Artigo 51. **Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar**
- Artigo 52. **Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso**
- Artigo 53. **Programas de habilidades e competencias sociais**

Sección 2ª. Medidas extraordinarias :

- Artigo 55. **Adaptacións curriculares.**
- Artigo 56. **Agrupamentos flexibles.**
- Artigo 57. **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.**
- Artigo 62. **Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.**
- Artigo 64. **Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.**
- Artigo 65. **Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.**
- Artigo 67. **Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.**
- Artigo 68. **Grupos de adquisición das linguas.**

Todas estas M.A.D. se concretan da seguinte forma:

Medidas curriculares para o tratamento da Diversidade:

- a) Acción Tutorial: coñecemento do alumno; relación co grupo – clase; relación coas familias; relación co equipo docente.
- b) Medidas Individuais (de adaptación ao currículo): reforzos educativos e adaptacións curriculares, asistencia a aula de PT.
- c) A Opcionalidade (francés VS Reforzo e Apoio en Linguas; proxecto competencial VS relixión; optatividade na ESo segundo lexislación LOMLOE, , Programa de diversificación curricular en 3º e 4º ESO, itinerarios académicos e itinerarios aplicados en 4º ESO, optatividade en 4º ESO e 1º e 2º Bach.

Medidas organizativas para o tratamento da Diversidade:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas a casuística do alumnado.
- c) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- d) A aula de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe: plans apoio.
- e) Agrupamentos Específicos. agrupamentos de lingua castelá, lingua galega, matemáticas en 2º ESO.
- f) Reforzo e Apoio VS Francés : que se fará en Lingua Galega ou L.Castelá en 1º e 2º de ESO
- g) Programa de Enriquecemento Curricular neste 23-24.
- h) Programa de diversificación curricular (3º e 4º ESO neste 23-24).
- i) Itinerarios de aplicadas en 4º ESO.
- j) Programa de reforzo das áreas instrumentais básicas (1º ESO).

Atención a alumnos con necesidades educativas especiais:

- a) Avaliacións psicopedagóxicas.
- b) Reforzos educativos na aula ordinaria.
- c) Mestras de Pedagogía Terapéutica (dentro e fóra da aula).
- d) Medidas curriculares e organizativas (reforzos educativos, acs, aula pt, desdobre, agrupamentos...)
- e) Principios e Obxectivos Xerais e Específicos.
- f) Criterios de Avaliación.

Medidas organizativas para o tratamento da Diversidade que non se levan ao cabo neste 22-23:

- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Programas de formación profesional básica.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- Programa de mellora do rendemento e a aprendizaxe.

- Grupos de adquisición das linguas (*QUE SÍ SE LEVA AO CABO UN PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA CON ALUMNOS DO ESTRANXEIRO CON DESCOÑECEMENTO DAS LINGUAS QUE NOS CHEGAN CO CURSOS EMPEZADO*).
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

Criterios para a formación de grupos atendendo á diversidade do alumnado.

Asesoramiento e posta en marcha do alumnado que formará cada grupo clase en ESO partindo da base dos criterios:

1. Alumnos con n.e.e (valorados polo departamento de orientación dos centros adscritos/IES SÁNCHEZ CANTÓN), certificados de minusvalía e MAD extraordinarias.
2. Alumnos con n.e.e (valorados polo departamento de orientación dos centros adscritos/IES SÁNCHEZ CANTÓN) e MAD extraordinarias.
3. Alumnado que presenta episodios frecuentes de conflictividade.
4. Alumnos con n.e.e (valorados polo departamento de orientación dos centros adscritos/IES SÁNCHEZ CANTÓN) e MAD ordinarias fóra da aula (Pt e AL).
5. Alumnos con n.e.e (valorados polo departamento de orientación dos centros adscritos/IES SÁNCHEZ CANTÓN e MAD ordinarias fóra da aula (Pt ou AL).
6. Alumnos con n.e.e (valorados polo departamento de orientación dos centros adscritos/IES SÁNCHEZ CANTÓN) e MAD ordinarias dentro da aula (Pt e AL).
7. Alumnos con n.e.e (valorados polo departamento de orientación dos centros adscritos/IES SÁNCHEZ CANTÓN) e MAD ordinarias dentro da aula (Pt ou AL).
8. Alumnos con n.e.e (valorados polo departamento de orientación dos centros adscritos/IES SÁNCHEZ CANTÓN) e MAD ordinarias dentro da aula (reforzó educativo por parte do/da mestre/a titor/a por promoción por imperativo legal con suspensos).
9. Alumnos con n.e.e (valorados polo departamento de orientación dos centros adscritos/IES SÁNCHEZ CANTÓN) e MAD ordinarias dentro da aula (reforzó educativo por parte do/da mestre/a titor/a por promoción por imperativo legal con suspensos).
10. Outros criterios: optatividade, paridade, irmáns xemelgos / mellizos (xuntos salvo petición expresa da familia), acceso específico a unha/s aulas, recomendacións do titor anterior.

5. CRITERIOS PARA ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

- A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
- Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos sempre se parte da atención á diversidade.
- As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
- Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
- As nais, pais ou tutores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.
- A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa. (Artigo 4, D 229/11).

6. ORGANIGRAMA DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO NESTE 2023 – 2024.

<u>ACTUACIÓNS</u>	<u>RESPONSABLES</u>	<u>PROCEDEMENTO COMUNICACIÓN</u>	<u>DESTINATARIOS</u>	<u>CANDO SE FAI</u>
1) CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2/ XEF.ESTUDOS/ PROFESORADO DOS ÁMBITOS / D.O.CENTROS ADSCRITOS.	DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O./ ACTAS DO D.O. / FORO PROFESORADO / PÁXINA DE ORIENTACIÓN NA AULA VIRTUAL/ SUBIDA O NAS DO CENTRO / ...	OS MEMBROS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	SETEMBRO 2023.
2) ESTABLECIMIENTO CURSOS E/OU ETAPAS QUE ATENDERÁN CADA UN DOS ORIENTADORES/@S.	XEFE D.O. / ORIENTADORA /PT 1/PT2 DE FORMA CONSENSUADA MEDIANTE REUNIÓN DE DEPARTAMENTO.	REUNIÓN DE DEPARTAMENTO E TOMA DE ACTA.	OS MEMBROS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	REMATE DE CURSO.
3) REVISIÓN DA MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO PASADO CURSO.	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2.	MEMORIA 22-23	OS MEMBROS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	SETEMBRO 2023
4) PROPOSTA DA ORGANIZACIÓN (alumnado e horarios) DOS APOIOS POR PARTE DAS 2 PROFESORAS DE PT.	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2/ XEF.ESTUDOS.	DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O./ ACTAS DO D.O. / FORO PROFESORADO /	PROFESORAS DE PT.	SETEMBRO 2023

		PÁXINA DE ORIENTACIÓN NA AULA VIRTUAL/ SUBIDA O NAS DO CENTRO / ...		
5) PROPOSTA DA GUÍA DE INTERVENCIÓN E CONTROL DO TRABALLO NA AULA (PT E AULA-CLASE) DAS 2 PROFESORAS DE PT.	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2/ XEF.ESTUDOS/ PROFESORADO DE MATERIAS A APOIAR.	REUNIÓN DAS PARTES IMPLICADAS.	ALUMNADO DE NEE.	1º TRIMESTRE E 2º- 3º TRIMESTRE SEGUNDO NECESIDADES XURDIDAS TRAS AS AVALIACIÓNS.
6) ACORDO DEFINITIVO DOS SERVICIOS DE APOIO POLAS PROFESORAS DE P.T.	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2/ PROFESORADO DE ÁREA.	REUNIÓN DE DEPARTAMENTO E CONSTANCIA EN ACTA.	ALUMNADO N.E.E. E PROFESORADO OBXECTO DE APOIO.	1º TRIMESTRE E 2º- 3º TRIMESTRE SEGUNDO NECESIDADES XURDIDAS TRAS AS AVALIACIÓNS.
7) REDACCIÓN DA PROPOSTA DOS SERVICIOS DE APOIO NO 23-24: AULA DE PT., agrupamentos; optatividade, exención 2ªlingua, reforzo educativo...	XEFE D.O. / ORIENTADORA / XEF.ESTUDOS..	DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O./ ACTAS DO D.O. / FORO PROFESORADO / PÁXINA DE ORIENTACIÓN NA AULA VIRTUAL/ SUBIDA O NAS DO CENTRO / ...	XEF.ESTUDOS / INSPECCIÓN EDUCATIVA / ALUMNADO / TITORES-AS / PROFESORADO / FAMILIAS.	XUÑO-SETEMBRO DE 2023.
8) PUBLICITAR AS LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	XEFE D.O. / ORIENTADORA / XEF.ESTUDOS.	DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O./ ACTAS DO D.O. / FORO PROFESORADO / PÁXINA DE ORIENTACIÓN NA AULA VIRTUAL/ SUBIDA O NAS DO CENTRO / ...	TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA.	<u>TODO O CURSO</u>

9) ELABORACIÓN DO <u>PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O CURSO 2023-2024.</u>	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2.	DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O./ ACTAS DO D.O. / MEMORIA DO CURSO 21-22.	TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA.	SETEMBRO 2023 / OUTUBRO 2023.
10) REVISIÓN E MODIFICACIÓN (si é necesario) DO <u>PLAN DE ACOLLIDA</u> (NOVO ALUMNADO, NOVO PROFESORADO...).	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2.	DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O./ ACTAS DO D.O. / MEMORIA DO CURSO 21-22.	TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA.	SETEMBRO 2023 / OUTUBRO 2023.
11) REVISIÓN DO <u>PROGRAMA DE HAB.SOCIAIS.</u>	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2.	DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O./ ACTAS DO D.O. / MEMORIA DO CURSO 21-22.	TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA.	SETEMBRO 2023 / OUTUBRO 2023.
12) PRESENTACIÓN DO/DA ORIENTADOR/@ NOS CENTROS ADSCRITOS (en persoa ou mediante conversa telefónica)	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2.	REUNIÓN NO IES.	CENTROS ADSCRITOS	OUTUBRO 2023. 1º TRIMESTRE
13) PROGRAMA DE PREPARACIÓN PARA A ESO DESTINADO AO ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA DOS NÓSOS ADSCRITOS.	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2.	REUNIÓN NO IES.	CENTROS ADSCRITOS	3º TRIMESTRE.

<p>14) COMPROBAR A MATRÍCULA DO ALUMNADO PROCEDENTE DO ADSCRITO OU OUTROS CENTROS EDUCATIVOS.</p> <p>15) COMPROBACIÓN DE POSIBLES INFORMES DE NEE PARA INCORPORAR AO DEP.ORIENTACIÓN.</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2/ XEF.ESTUDOS.</p> <p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2/ XEF.ESTUDOS.</p>	<p>ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN NO 23-24.OFICIAIS.</p>		<p>SETEMBRO 2023 / OUTUBRO 2023.</p>
<p>16) PRESENTACIÓN E EXPLICACIÓN DE FUNCÍONS AO ALUMNADO DO CGTD.</p>	<p>ORIENTADORA 2 / XEF.ESTUDO DO CGTD.</p>	<p>ENTREVISTAS NO CGTD.</p>	<p>COMUNIDADE EDUCATIVA DO CGTD.</p>	<p>SETEMBRO 2023 / OUTUBRO 2023.</p>
<p>17) ASISTENCIA ÁS SESÍONS DE AVALIACIÓN INICIAL E TRIMESTRAL (no centro base e no CGTD).</p>	<p>NO CGTD = ORIENTADORA 2 / XEF.ESTUDOS DO CGTD</p> <p>NO IES SANCHEZ CANTON = XEFE D.O. / ORIENTADORA 2 / PT 1/PT 2/ XEF.ESTUDOS DO IES SANCHEZ CANTON.</p>	<p>SESÍONS DE AVALIACIÓN.</p>	<p>COMUNIDADE EDUCATIVA QUE AVALÍA</p>	<p>SESÍONS DE AVALIACIÓN 1º TRIMESTRE / 2º TRIMESTRE / 3º TRIMESTRE / EXTRAORDINARIA 23-24</p>

<p>18) POSTA EN MARCHA DAS M.A.D. NAS ETAPAS EDUCATIVAS.</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2/ XEF.ESTUDOS / XEFA ESTUDOS DO CGTD.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O./ ACTAS DO D.O. / FORO PROFESORADO / PÁXINA DE ORIENTACIÓN NA AULA VIRTUAL/ SUBIDA O NAS DO CENTRO / ...</p>	<p>TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA.</p>	<p><u>TUDO O CURSO</u></p>
<p>19) PROPOSTA E ELEVACIÓN AO EQUIPO DIRECTIVO DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: <i>formación de grupos e o seu listaxe.</i></p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / XEF.ESTUDOS / XEFA ESTUDOS DO CGTD.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O.</p>	<p>XEF.ESTUDOS.</p>	<p>SETEMBRO 2023.</p>
<p>20) PROPOSTA E ELEVACIÓN AO EQUIPO DIRECTIVO DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: <i>aula de pt.</i></p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT1 /PT2/ XEF.ESTUDOS.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O.</p>	<p>XEF.ESTUDOS</p>	<p>OUTUBRO 2023.</p>
<p>21) PROPOSTA E ELEVACIÓN AO EQUIPO DIRECTIVO DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: <i>desdobres.</i></p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT1 /PT2/ XEF.ESTUDOS./ XEFATURA ESTUDOS CGTD.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O.</p>	<p>XEF.ESTUDOS</p>	<p>SETEMBRO 2023 / OUTUBRO 2023.</p>
<p>22) PROPOSTA E ELEVACIÓN AO EQUIPO DIRECTIVO DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: <i>agrupamentos.</i></p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT1 /PT2/ XEF.ESTUDOS./ XEF.ESTUDOS CGTD.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O.</p>	<p>XEF.ESTUDOS</p>	<p>SETEMBRO 2023/ OUTUBRO 2023.</p>

<p>23) PROPOSTA E ELEVACIÓN AO EQUIPO DIRECTIVO DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: <i>exención de 2ª L.estraxeira.</i></p> <p>24) PROPOSTA E ELEVACIÓN AO EQUIPO DIRECTIVO DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: <i>fp básica.</i></p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / XEF.ESTUDOS./</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O. /DOCUMENTACIÓN DOS CENTROS ADSCRITOS./ AVALIACIÓN INICIAL.</p>	<p>XEF.ESTUDOS.</p>	<p>1º TRIMESTRE.</p> <p>SETEMBRO 2023</p>
<p>25) PROPOSTA E ELEVACIÓN AO EQUIPO DIRECTIVO DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: <i>pdc (24-26)</i></p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA XEF.ESTUDOS.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS PARA INCORPORACIÓN AO PMAR.</p>	<p>ALUMNADO PROPOSTO PARA A MAD.</p>	<p>XUÑO 2024.</p>
<p>26) PROPOSTA E ELEVACIÓN AO EQUIPO DIRECTIVO DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: <i>itinerario de 4º ESO matemáticas aplicadas.</i></p>	<p>XEFE D.O. XEF.ESTUDOS/ TITORES DE 4º ESO.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O./ CONSELLO ORIENTADOR / SESIÓNS DE AVALIACIÓNS....</p>	<p>ALUMNADO OBXECTO DE MAD.</p>	<p>AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA. 2024</p>
<p>27) MODELOS DE COMUNICACIÓN DE ALUMNADO OBXECTO DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA/ XEF.ESTUDOS/ XEFATURA DE ESTUDOS DE CGTD.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O.</p>	<p>ALUMNADO OBXECTO DE MAD E AS SÚAS FAMILIAS.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>

<p>28) ASESORAMENTO NO PROCESO PARA A SOLICITUDE DAS FAMILIAS DE FILLOS CON N.E.E. (minusvalía) DE <u>AXUDAS DE TRATAMENTOS EXTERNOS</u> (becas nee).</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA./ INSPECCIÓN EDUCATIVA.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DE BECAS DE NEE</p>	<p>ALUMNADO DE NEE QUE A DEMANDAN. INSPECCIÓN EDUCATIVA.</p>	<p>SETEMBRO 2023.</p>
<p>29) ASESORAMENTO DE <u>REFORZOS EDUCATIVOS</u> (DENTRO DA AULA).</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / XEF.ESTUDOS/ XEFATURA ESTUDOS CGTD.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O./ PÁXINA DE ORIENTACIÓN NA AULA VIRTUAL.</p>	<p>PROFESORADO DAS DISTINTAS ETAPAS EDUCATIVAS.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>
<p>30) ACTUALIZACIÓN DAS <u>NEE 23-24 NA AULA VIRTUAL.</u></p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA.</p>	<p>PÁXINA DE ORIENTACIÓN NA AULA VIRTUAL.</p>	<p>PROFESORADO DAS DISTINTAS ETAPAS EDUCATIVAS.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>
<p>31) REVISIÓN DE <u>A.C.S. EXISTENTES.</u></p>	<p>DEPARTAMENTOS IMPLICADOS NA ACS.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O. / PROFESORADO DAS DISTINTAS ETAPAS EDUCATIVAS.</p>		<p><u>TODO O CURSO</u></p>
<p>32) NOVA ELABORACIÓN DE <u>A.C.S.</u> LOMLOE NA E.S.O.</p>	<p>PROFESORADO DE ALUMNADO CON ACS. / DEPARTAMENTOS IMPLICADOS NA ACS.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS.</p>	<p>ALUMNADO DE NEE OBXECTO DA MEDIDA.</p>	<p>1º TRIMESTRE / 2º TRIMESTRE</p>

<p>33) ASESORAMENTO E TRAMITACIÓN DE <u>NOVAS A.C.S.</u> LOMCE/LOMLOE NA E.S.O.</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2. / XEF.ESTUDOS/ XEFATURA DE ESTUDOS DE CGTD./ DIRECCIÓN.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO.</p>	<p>ALUMNADO DE NEE OBJECTO DA MEDIDA.</p>	<p>1º TRIMESTRE /2º TRIMESTRE</p>
<p>34) REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DA DIVERSIDADE DO ALUMNADO: <i>revisión de avaliacións psicopedagógicas do pasado ano e programación das pendentes para este ano escolar 2023-2024.</i></p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / XEF.ESTUDOS/ XEFATURA ESTUDOS CGTD.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS.</p>	<p>ALUMNADO NEE.</p>	<p>SETEMBRO 2023.</p>
<p>35) REALIZACIÓN DE AVALIACIÓNS PSICOPEDAGÓXICAS SOLICITADAS AO LONGO DO ANO ESCOLAR 23-24.</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O.</p>	<p>ALUMNADO OBJECTO DE AVALIACIÓN PSCOPEPAGÓXICA.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>
<p>36) REALIZAR EXPLORACIÓN E POSIBLES NOVAS VALORACIÓN PSICOPEDAGÓXICAS.</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O.</p>	<p>ALUMNADO OBJECTO DE AVALIACIÓN PSCOPEPAGÓXICA.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>
<p>37) AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA E ASESORAMENTO ANTE <u>POSIBLES NOVAS A.C.S.</u></p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O.</p>	<p>ALUMNADO OBJECTO DE ACS.</p>	<p>1º TRIMESTRE / 2º TRIMESTRE</p>

<p>38) REALIZACIÓN DE <u>PROBAS PSICOMÉTRICAS DE NIVEL EN 3º DE LA E.S.O. C.G.T.D. (BADYG M).</u></p>	<p>ORIENTADORA.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O TEST PSICOMÉTRICOS</p>	<p>ALUMNADO 3º ESO CGTD.</p>	<p>OUTUBRO 2023. 3º TRIMESTRE</p>
<p>39) REALIZACIÓN DE <u>PROBAS PSICOMÉTRICAS DE NIVEL EN 1º E.S.O. (BADYG M).</u></p>	<p>XEFE DEP.ORIENTACION</p>		<p>ALUMNADO 1º ESO</p>	
<p>40) COLABORACIÓN COA <u>ANPA</u> (asociación de nais e pais de alumnos).</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA.</p>	<p>REUNIÓNS E INFORMACIÓN DOCUMENTAL.</p>	<p>ANPAS DO IES SANCHEZ CANTON.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>
<p>41) ASESORAMIENTO AOS TITORES/@S SOBRE ASPECTOS A TRATAR NAS <u>REUNIÓNS INDIVIDUÁIS / GRUPÁIS COAS FAMILIAS.</u></p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA.</p>	<p>REUNIÓNS E INFORMACIÓN DOCUMENTAL.</p>	<p>TITORES/AS DO IES SANCHEZ CANTÓN E CGTD.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>
<p>42) <u>REUNIÓNS INDIVIDUÁIS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN COAS FAMILIAS.</u> ESTABLECER UN MODELO DE RECOLLIDA DE REUNIÓN.</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA.</p>	<p>REUNIÓNS E DOCUMENTOS DE D.O.</p>	<p>FAMILIAS.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>

<p>43) ENTREVISTAS INDIVIDUAIS PRESENCIAIS CON ALUMNADO.</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA.</p>	<p>REUNIÓNS E DOCUMENTOS DE D.O.</p>	<p>ALUMNADO.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>
<p>44) SOLICITUDE DE ASESORAMENTO DE INTERVENCIÓN DOS EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS.</p>	<p>XEFE D.O.</p>	<p>FORMULARIO OFICIAL.</p>	<p>EOE.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>
<p>45) DOTAR AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DUN DOSSIER DE LEXISLACIÓN EDUCATIVA ACTUALIZADA.</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / EQUIPO DIRECTIVO.</p>	<p>LEXISLACIÓN OFICIAL.</p>	<p>DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>
<p>46) CUMPRIMENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUERIDA PROPIA DO D.O. (DRDAI / DRDORIENTA...).</p>	<p>XEFE D.O.</p>	<p>CUBRIR DATOS DE DITAS APLICACIÓNS.</p>	<p>CONSELLERIA DE EDUCACIÓN.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>
<p>47) DESEÑAR ESTRATEXIAS PARA A REALIZACIÓN COORDINADA DA AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO.</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / XEF.ESTUDOS / TITORES-AS.</p>	<p>REUNIÓN E DOCUMENTO OFICIAL.</p>	<p>XEF.ESTUDOS E PROFESORADO</p>	<p>1º TRIMESTRE.</p>
<p>48) ASESORAMIENTO AO PROFESORADO NA CUMPRIMENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACADÉMICA DO ALUMNADO.</p>	<p>XEFE D.O. / ORIENTADORA / XEF.ESTUDOS.</p>	<p>DOCUMENTOS OFICIAIS.</p>	<p>PROFESORADO.</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>

49) ASESORAMIENTO AL PROFESORADO EN PRE E POST – AVALIACIÓNS.	XEFE D.O. / ORIENTADORA / XEF.ESTUDOS.	ENTREVISTAS E/OU REUNIÓNS /FORO / AULA VIRTUAL.	PROFESORADO.	<u>TODO O CURSO</u>
50) <u>ANÁLISE E VALORACIÓN DE ESTADÍSTICAS SOBRE SUSPENSOS (POR MATERIAS E CURSOS), E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN.</u>	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1 / PT2 / XEF.ESTUDOS.	ANÁLISE DA FOLLA DE ESTADÍSTICAS DA XEFATURA DE ESTUDOS.	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	TRALAS AVALIACIÓNS.
51) ASISTENCIA ÁS REUNIÓNS SOBRE O ESTADO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.	XEFE D.O. / ORIENTADORA.	SUXERENCIAS DO GRUPO DE CONVIVENCIA.	SUXERENCIAS DO GRUPO DO CMN.	<u>TODO O CURSO</u>
52) ASISTENCIA ÁS REUNIÓNS DO CONSELLO DA MULLER NOVA.	XEFE D.O. / ORIENTADORA.	SUXERENCIAS DO GRUPO DO CMN.	CMN.	<u>TODO O CURSO</u>
53) ELABORACIÓN DE INFORMACIÓN DO ALUMANDO N.E.E. E COLGADOS NA AULA VIRTUAL (confidencialidade).	XEFE D.O. / ORIENTADORA./	AULA VIRTUAL E FORO.	PROFESORADO	<u>TODO O CURSO</u>
54) ELABORACIÓN DE INFORMES SOBRE ALUMNADO OBXECTO DE REFORZO E APOIO NA E.S.O.	XEFE D.O. / ORIENTADORA./	DOCUMENTACIÓN DO D.O.	PROFESORADO / XEFATURA DE ESTUDOS / INSPECCIÓN.	<u>TODO O CURSO</u>

55) ELABORACIÓN DE INFORMES SOBRE ALUMNADO OBXECTO DE M.A.D.: agrupamentos, PDC, aula de apoio...	XEFE D.O. / ORIENTADORA./	DOCUMENTACIÓN DO D.O. / FORMULARIOS OFICIAIS.	PROFESORADO / XEFATURA DE ESTUDOS / INSPECCIÓN.	<u>TOD O CURSO</u>
56) ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA A PROBLEMÁTICAS NON PLANIFICADAS.	XEFE D.O. / ORIENTADORA./	ENTREVISTAS.	ALUMNADO / TITORES-AS/ PROFESORADO / FAMILIAS.	<u>TOD O CURSO</u>
57) AVALIACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E PROPOSTAS DE MELLORA.	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1/PT 2.	PAD.	MEMBROS DO DEPARTAMENTO / XEFATURA DE ESTUDOS / MEMORIA DO CURSO.	XUÑO 2024.
58) AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE ACOLLIDA.	XEFE D.O. / ORIENTADORA / XEF.ESTUDOS/ TITORES-@S DO ISC/ TITORES-AS DO CGTD.	PROGRAMA DE ACOLLIDA.	MEMBROS DO DEP.ORIENTACIÓN.	XUÑO 2024.
59) ELABORACIÓN DE INFORMES: ALUMNADO REMATA E.S.O. E FOI OBXECTO DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.	XEFE D.O.	DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O.	ALUMNADO QUE FOI OBXECTO DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.	REMATE DA E.S.O.
60) MEMORIA FINAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (a incorporar na memoria final do Departamento de Orientación).	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1 / PT 2.	MEMORIA DO DEPARTAMENTO.	XEFATURA DE ESTUDOS/ INSPECCIÓN.	XUÑO 2024.

61) MEMORIA FINAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	XEFE D.O. / ORIENTADORA / PT 1 / PT 2.	MEMORIA DO DEPARTAMENTO.	XEFATURA DE ESTUDOS/ INSPECCIÓN.	XUÑO 2024.
62) COORDINAR O FUNCIONAMENTO E TRABALLO DOS DISTINTOS MEMBROS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	XEFE D.O. / ORIENTADORA.	DOCUMENTOS OFICIAIS DO D.O./ REUNIÓNS DO D.O. / ACTAS DO D.O. .	MEMBROS DO D.O.	<u>TODO O CURSO</u>
63) SEGUIMIENTO E PARTICIPACIÓN NOS EXPEDIENTES DE <u>ABSENTISMO ESCOLAR</u> QUE SE INSTRUAN NO CURSO 23-24.	XEFE D.O. / ORIENTADORA.	PROTOCOLO DE ABSENTISMO.	ALUMNADO / FAMILIAS.	<u>TODO O CURSO</u>
64) ATENCIÓN ÁS FAMILIAS DURANTE O <u>PROCESO DE MATRÍCULA</u>.	XEFE D.O. / ORIENTADORA.	ENTREVISTAS INDIVIDUAIS.	ALUMNADO / FAMILIAS.	PERÍODOS DE MATRÍCULA XUÑO – XULLO 2024
65) INFORMES PARA <u>FP BÁSICA</u>.	XEFE D.O. / ORIENTADORA.	FORMULARIOS OFICIAIS.	ALUMNADO / FAMILIAS.	XUÑO – XULLO 2024
66) <u>DICTÁMENES DE ESCOLARIZACIÓN</u> (alumnado n.e.e. de centro non adscrito, alumnado para ciclo superior...).	XEFE D.O. / ORIENTADORA.	LEXISLACIÓN TOCANTE A ESTE TEMA.	ALUMNADO / FAMILIAS QUE DEMANDEN ESTA MEDIDA.	PERÍODO DE ADMISIÓN.

67) INFORMES NEE POR <u>TRASLADO DE EXPEDIENTE.</u>	XEFE D.O. / ORIENTADORA.	INFORMES DO DEPARTAMENTO	CENTRO RECEPTOR.	<u>TODO O CURSO</u>
68) INFORMES NEE POR <u>RENOVACIÓN DE MINUSVALÍA.</u>	XEFE D.O. / ORIENTADORA.	INFORMES DE RENOVACIÓN DE MINUSVALÍA.	ALUMNADO / FAMILIAS QUE DEMANDEN ESTA MEDIDA / SERVICIOS DE SAÚDE.	<u>TODO O CURSO</u>
69) ENTREVISTA D.O. CON TITORES/AS DE 6º E.P. DOS <u>CENTROS ADSCRITOS</u> (en persoa para recabar información do alumnado de nova entrada para 24-25 en 1º ESO)	XEFE D.O. / ORIENTADORA E PT.	ENTREVISTA E RECOLLIDA DE INFORMACIÓN	DEP. ORIENTACIÓN IES SANCHEZ CANTÓN.	XUÑO 2024
70) EVALUACIÓN INICIAIS DIAGNÓSTICAS DO ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN AO CENTRO.	PT 1/PT 2	MECANISMOS DE AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA.	ALUMNADO CON NEE DE NOVA INCORPORACIÓN	<u>TODO O CURSO</u>
71) REUNIÓN DOS MEMBROS DO D.O. COS/COAS TITORES/AS/ PROFESORES/AS PARA A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.E.	MEMBROS DO DEP.DE ORIENTACIÓN DO I.E.S. SANCHEZ CANTON PROFESORADO	REUNIÓN	ALUMNADO E AS SÚAS FAMILIAS XEFATURA DE ESTUDOS	MENSUAIS TRAS AS AVALAICIÓN <u>TODO O CURSO</u>

<p>OUTRAS MOITAS QUE DE SEGURO NON APARECEN RECOLLIDAS NESTE ORGANIGRAMA.</p>	<p>MEMBROS DO DEP.DE ORIENTACIÓN DO I.E.S. SANCHEZ CANTON</p>		<p>DIRECCIÓN / XEF.ESTUDOS / INSPECCIÓN EDUCATIVA / ALUMNADO / TITORES-AS / PROFESORADO / FAMILIAS/ ASOCIACIÓN EXTERNAS / SERVIZOS MÉDICOS CENTROS ADSCRITOS / CCP / CLAUSTRO / TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA</p>	<p><u>TODO O CURSO</u></p>
--	--	--	---	-----------------------------------

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Dentro dos mecanismos de coordinación e colaboración internos podemos citar as reunións programadas para 23-24, dende a avaliación inicial, as de avaliación, as semanáis do equipo de convivencia (*neste 23-24 Adolfo en 1º e 2º ESO e Marisa en 3º e 4º ESO*) e titores/as con presenza dos orientadores se así se cree conveniente, a maiores das que poidan xurdir por grupo e/ou nivel tocante a un tema concreto e que sempre serán convocadas pola xefatura de estudos.

En canto as relacións cos centros adscritos realizase a presentación do/da orientador/a responsable do alumnado de 1º ESO no 1º trimestre de curso. No mes de MAIO-XUÑO faranse as xornadas de acollida ao noso alumnado adscrito so CEP Campolongo e do CEIP Froebel e no mes de xuño a entrevista cos/coas titores de 6º de ambos centros e os/as respectivos/as orientadores/as para intercambiar información do alumnado que reservou praza no nos IES para cursar 1º ESO no 24-25.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

As canles de comunicación coas familias son as entrevistas persoais, as telefónicas ou vía mail. Tamén a través dos / das titores/as se emprega o Abalar.

Cos diferentes servizos externos (Servizos Sociais, Príncipe Felipe, Cruz Vermella, Plan Director e Comisaría...) as canles son as mesmas.

Das reunións levantamos actas co seguinte modelo:

REXISTRO ENCONTROS FAMILIAS – ORIENTADORES

A) ASISTENTES:

D/Da e

D/Da

Pais do Alumno/a

Do Curso e Grupo Titor/a

Data Encontro

Petición da Cita: Solicitada pola Familia
 Solicitada polo Orientador/a

B) MOTIVO DO ENCONTRO:

.....
.....
.....
.....

C) COÑECEMENTO PREVIO DO TEMA CO QUE CONTA ORIENTACIÓN:

.....
.....
.....

D) DOCUMENTACIÓN APORTADA POLA FAMILIA (*Informes médicos, probas psicolóxicas, outros documentos...*):

.....
.....
.....

E) ACORDOS E COMPROMISOS DA FAMILIA:

.....
.....
.....

F) RESPONSA DE ORIENTACIÓN Á CONSULTA (*Actuacións, Protocolos, Procedementos...*):

.....
.....
.....

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Dentro dos protocolos para as medidas de atención á diversidade para este 2023-2024 recollemos:

- ✚ Solicitude de Avaliación Psicopedagóxica.
- ✚ Agrupamento Flexible.
- ✚ Adaptación curricular.
- ✚ Exención de 2ª Lingua Estranxeira – francés.
- ✚ Atención por parte da profesora de Pedagogía Terapéutica.
- ✚ Rexeitamento dunha medida de atención á diversidade.

PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

DEMANDA N°:

Datos do alumno/a			
Apelidos:		Nome:	
Curso:		Data nacemento:	
Data da demanda			

Derivado por (márquese o que proceda):			
<input type="checkbox"/>	Titor	<input type="checkbox"/>	Profesor da materia de:
<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/> Solicitud dos Pais
Nome e apelidos			
Se procede autorización dos pais/nais ou titores legais para pasar as probas necesarias o/a alumno/a			
Forma de autorización e o día telefónica / presencial			

Motivo da demanda: (explica brevemente o motivo que leva a pedir a intervención)
Tipo de actuación solicitada ao departamento de orientación se é o caso:
Entrevista co alumno/a
Entrevista coa familia
Entrevista co titor/equipo docente
Entrega de materiais
Avaliación psicopedagóxica do alumno/a
Definir as dificultades académicas
Pasar probas para detectar algún problema.....

En PONTEVEDRA , a de de 2023/2024

O profesor/a:

Titor/a:

Asdo.:

RESPOSTA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Á DEMANDA N°:.....

Datos do alumno/a			
Apelidos:		Nome:	
Curso:		Data nacemento:	
Data da demanda			

Derivado por (márquese o que proceda):					
<input type="checkbox"/>	Titor	<input type="checkbox"/>	Profesor da materia de:	<input type="checkbox"/>	Solicitud dos Pais
Nome e apelidos					
Se procede autorización dos pais/nais ou titores legais para pasar as probas necesarias o/a alumno/a					
Forma de autorización e o día telefónica / presencial					

Motivo da demanda: (explica brevemente o motivo que leva a pedir a intervención)
Proceso de avaliación . Entrevistas. Probas que se lle pasaron:
Resultados do proceso de avaliación. Resultados das probas:
Acordos:
Revisión dos acordos:
Información as familias:

AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

2º DE ESO / Curso 2023 - 2024

ALUMNO/A:

CURSO ESCOLARIZADO NO 2023-2024: 2º ESO GRUPO

TITOR/@:

PROPOSTA DE AGRUPAMENTO ESPECÍFICO

MATEMÁTICAS

LINGUA CASTELÁ

LINGUA GALEGA

INFORMAMOSLLES da proposta de que o seu fillo ou filla curse en **2º da ESO** a área indicada nun **Agrupamento Específico**, segundo as normas de atención á diversidade dadas pola Consellería de Educación recollidas no **artigo 56 da ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.**

O Agrupamento Específico é unha medida de atención á diversidade prevista para que o alumno/a, dentro dun **grupo máis reducido (10 alumnos/@s)**, teña unha atención máis específica e unha maior posibilidade de acadar os obxectivos establecidos nesta etapa educativa, mellorando o seu rendemento académico na área proposta.

Cabe sinalar que o non aproveitamento da medida por parte do/da alumno/a causará a súa baixa e volta ao grupo ordinario.

A asistencia a un agrupamento específico é unha medida flexible que constará como reforzo educativo (A.F.) no expediente académico do/a alumno/a.

D/Dna _____ con DNI _____

PAI/NAI/TITOR LEGAL DO/A CITADO/ ALUMNO/A DE **1º ESO**, QUEDO MEDIANTE ESTE ESCRITO INFORMADO POLA XEFATURA DE ESTUDOS E O XEFE DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E REFORZO EDUCATIVO PROPOSTAS PARA O MEU FILLO/A NESTE **ANO ESCOLAR 2023-2024.**

PARA TAL CONSTANCIA ESTE ESCRITO DEBE SER DEVOLTO RUBRICADO AO/A TITOR/A.

Pontevedra, SETEMBRO de 2023.

Asdo: _____

Para calquera dúbida prégase dirixirse ao departamento de orientación (previa cita). 886159039.

SOLICITUDE DE EXENCIÓN DA 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

(Resolución 26 de maio de 2022)

ALUMNO/A:

Curso 23-24:

SOLICITUDE DO TITOR/A DO CENTRO:

D/Dna.: _____, titor/a do alumno/a citado, expón que unha vez celebrada a sesión da avaliación final, con data _____, o equipo docente considera que o/a alumno/a ten dificultades continuadas na aprendizaxe, polo que acorda solicitar á dirección do centro a exención da 2ª lingua estranxeira para o/a alumno/a.

En Pontevedra, a ____ de _____ de 2023
Asdo.: Titor/a

OPINIÓ DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

D. JOSE ADOLFO BARREIRO HUERGA, Xefa do Departamento de Orientación do de IES XUNQUEIRA 2, á vista da solicitude do titor/a do alumno/a mencionado, considera que está:

De acordo

En desacordo

En Pontevedra, a __9__ de _____ de 2023.

Asdo.: Xefe/a do Departamento de Orientación

OPINIÓ DOS PAIS OU TITORES LEGAIS:

D/Dna.: _____ pai/nai ou titor/a do alumno/a citado, informado/a da proposta do titor/a do seu fillo/a de solicitar a exención da 2ª lingua estranxeira, considera que está:

De acordo

En desacordo

En Pontevedra, a ____ de _____ de 2023.

INFORME ESCOLAR

INFORME XUSTIFICATIVO DE EXENCIÓN NA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

♣ ALUMNO/A:

♣ REPETICIÓN DE CURSO:

→ ED.PRIMARIA: 1º 2º 3º 4º 5º 6º

→ E.S.O.: 1º Curso 2º Curso

♣ M.A.D.:

→ ED.PRIMARIA: Reforzo ACI

→ E.S.O.: Reforzo ACI

ASPECTOS A TER EN CONTA QUE XUSTIFICAN A PROPOSTA

- Presenza de dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, que non están motivadas por falta de esforzo ou interese.
- Recibiu medidas complementarias de adaptación do currículo (reforzo ou adaptación curricular) que, no caso de que non lle posibilitaran o logro dos obxectivos do curso e polo tanto resultarían insuficientes, si foron beneficiosas.
- No desenvolvemento escolar na Etapa de Educación Primaria, referido tanto nos informes de Final de Etapa coma nos de coordinación, indícase a existencia de repetición e/ou avaliación negativa nas áreas de lingua.
- Presenta unha moi baixa ou baixa competencia nas áreas de lingua pola súa recente incorporación ao noso sistema educativo, procedente de países estranxeiros.

PROPOSTA

Atendendo a Resolución 26 de maio de 2022, e logo do análise dos datos anteriores, o equipo de profesores, celebrada a sesión de avaliación final, entende que o/a alumno/a, a que fai referencia este informe, presenta claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe na área de lingua, polo que recomenda solicitar diante da dirección do centro:

Que quede exento/a de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira en 1º de ESO.

Pola excepcionalidade da medida, este informe comunícase ao Departamento de Orientación e aos titores legais do alumno/a para o seu coñecemento e conformidade.

Pontevedra, _____ de _____ de 2023

O/A titor/a

Asdo.: _____

ASISTENZA A AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

º DE ESO / Curso 2023-2024.

Eu Nai/Pai do/da alumno/a _____

Dna: _____ con D.N.I. _____

D: _____ con D.N.I. _____

Polo presente escrito recoñezo haber sido informado polo/a orientador/a e/ou xefe do departamento de orientación de co meu/miña fillo/a será obxecto neste ano escolar 21-22 da medida de atención á diversidade extraordinaria - **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica** - recollida no *Artigo 57. da ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

E para que así conste rubrico/rubricamos a continuación.

En Pontevedra, a _____ de _____ 2023.

Nai.

Pai

Orientadora

X.Dep.orientación

Dna.MªLuisa Gayoso Díaz.

D. José Adolfo Barreiro Huerga.

RENUNCIA A MEDIDA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANO ESCOLAR 2023 - 2024

EU D.DNA. _____

CON D.N.I. _____ COMO NAI/PAI/TITOR/A DO/DA ALUMNO/A _____

MATRICULADO/A NESTE ANO ESCOLAR 2023 2024 NO _____ ° CURSO DA E.S.O., UNHA VEZ ESCOITADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E/OU AS XEFATURAS/DOCENTES DOS DEPARTAMENTOS CORRESPONDENTES, MEDIANTE O PRESENTE ESCRITO RENUNCIO ÁS MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE (_____ de _____ en _____ ° E.S.O.) NA CAL FOI SELECCIONADA O/A MEU/MIÑA FILLO/A.

E PARA QUE ASÍ CONSTE RUBRICO CON DATA DE _____ DE _____ DE 2023/2024

D./DNA. _____

D.N.I. _____

XEFATURA DE ESTUDOS

XEF.DEP.DE ORIENTACIÓN DO I.E.S.SÁNCHEZ CANTÓN

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ALONSO

D. JOSÉ ADOLFO BARREIRO HUERGA.

10.SEGUIENTO, AVALIACIÓN

E MELLORA DO P.A.D.

O seguimento e a avaliación do Plan xeral de atención á diversidade realizarase, para cada curso académico, sobre a concreción anual de dito plan.

Só se modificará o Plan xeral de atención á diversidade no caso de que as propostas de mellora, recollidas na memoria anual do devandito plan, así o consideren. Neste caso, esa modificación debe seguir o mesmo procedemento que a elaboración e a aprobación do propio Plan xeral de atención á diversidade.

O **SEGUIENTO DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** realizarase trimestralmente, por parte do departamento de orientación do centro docente.

Os informes de seguimento daranse a coñecer ao claustro do profesorado e entregaranse á dirección do centro docente para a súa incorporación ao seguimento que se realice da programación xeral anual.

A **AVALIACIÓN DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** realizarase á finalización de cada curso escolar, por parte do departamento de orientación do centro docente, quedando plasmado na Memoria de Curso os logros alcanzados, as dificultades encontradas, os factores intervintes no desenvolvemento do Plan e os aspectos que será necesario modificar, eliminar ou recoller en vindeiros cursos.

Indicadores da Avaliación:

- ✓ Adecuación do P.A.D. ao P.E.C.
- ✓ Equilibrio entre os obxectivos propostos e os contidos.
- ✓ Equilibrio e secuenciación axeitada das M.A.D. ó longo dos distintos niveis.
- ✓ Adecuación dos M.A.D. propostas e as necesidades detectadas.
- ✓ Tratamento das M.A.D. a través das áreas curriculares.
- ✓ Participación das partes implicadas: orientador/a, titores/as, profesores/as, alumnado e familias.
- ✓ Validez e pertinencia das M.A.D., instrumentos, métodos e técnicas empregadas.
- ✓ Consecución dos obxectivos propostos...

O Informe final incluirá:

- Unha reflexión sobre o funcionamento do Plan.
- O desenvolvemento das medidas planificadas e das que non se levaron ao cabo.
- Valoración Global do cumprimento do Plan de Atención a Diversidade.

Pontevedra , a 9 Outubro de 2023.

I.E.S. SÁNCHEZ CANTÓN.

O Xefe do Departamento de Orientación.

D. José Adolfo Barreiro Hurga

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA

E PROFESIONAL (P.O.A.P).

ANO ESCOLAR 2023-2024.

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (P.O.A.P)



1. INTRODUCCIÓN.
2. MARCO TEÓRICO.
3. ELABORACIÓN DEL POAP.
4. OBJETIVOS.
 - Alumnos.
 - Familias.
 - Docentes.
 - Entorno.
5. LÍNEAS DE ACTUACIÓN.
 - 1º e 2º Curso da ESO.
 - 3º e 4º Curso da ESO.
 - Bacharelato.
 - FP. Grado Medio.
 - FP. Grado Superior.
 - Alumnos que terminan a idade obrigatoria sen o título.
6. ACTIVIDADES. (101)
7. CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN DO POAP
8. AVALIACIÓN E INFORME FINAL.

ORIENTAR
EN
TIEMPOS INCIERTOS

PLAN DE ORIENTACIÓN

ACADÉMICA – PROFESIONAL



1. INTRODUCCIÓN.

A LOE sinala e a LOMCE remarca que a Administración Educativa garantirá a orientación académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos, especialmente en canto as diferentes opcións educativas e a transición á vida activa.

O POAP elaborase en base ás necesidades de orientación dos alumnos que están acabando a educación obrigatoria e que deben tomar decisións respecto ó itinerario académico ou profesional que desexen seguir.

En Galicia a **Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo)** pola que establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, establece dentro das funcións do Departamento de Orientación a elaboración do POAP seguindo as directrices da CCP. Xunto a esta orde teranse en conta os Decretos do Currículo da ESO, do Bacharelato e dos Ciclos Formativos de Formación Profesional Específica.

2. MARCO TEÓRICO.

A Orientación Académica-Profesional, tanto como dereito dos alumnos como proceso continuo inmerso ao longo sistema educativo, debe permitir que o alumnado chegue ao máximo das súas posibilidades e favorecer a que exista unha maior concordancia entre os seus intereses, expectativas e capacidades, e as características que presenta o mundo académico-profesional e laboral, así como as condicións nas que se desenvolve.

Este proceso implica a toma de decisións por parte do alumno e exige a este uns mecanismos ou estratexias necesarias para iso. Dentro destas está a exploración e o coñecemento tanto de si mesmo como do Sistema Educativo e Sociolaboral que lle poden levar a un mellor acerto das súas opcións.

Consideramos pois que o proceso orientativo debe contemplar a reflexión de si mesmo (*personalidade, actitudes, intereses, valores...*) e integración (*proxecto persoal, viabilidade e condicionantes situacionais...*), a información académico – profesional e investigación (*análise e integración de datos...*) e a toma de decisións que conleva unha avaliación sobre o proceso seguido e a idoneidade da opción final.

3. ELABORACIÓN DO POAP.

Para levar a cabo o POAP seguimos unha serie de fases:

- a) **Definir características do centro e alumnado que recolle:** liñas educativas, tipo de alumnado, nº de alumnos, niveis, características do entorno, n.e.e. ... todo iso obtense revisando o PEC.
- b) **Avaliación de necesidades no centro:** a información recollerase do PXA, POE (*inclúe PAPEA, PAT E POAP de anos anteriores*) dentro da Memoria do D.O., e suxestións de profesores e titores para elaborar o POAP.

Tamén será tomada en conta a Circular Anual da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais que plantexa aspectos de interese prioritario na Educación Secundaria.

O POAP elaborouse no mes de setembro/outubro seguindo as directrices da CCP (quen o fai e sempre é o D.O) e sendo aprobado polo Claustro e a CCP.

A súa posta en marcha corre a cargo do titor e dos docentes, sempre baixo o asesoramento do Departamento de Orientación.

Dado que é un **documento dinámico** de seguro sufrirá modificacións ao longo do curso 2023-2024.

4. OBXETIVOS.

Remarquemos a idea de que para facer posible a súa secuenciación estableceremos obxectivos de maneira diferencial referidos a: alumnos, pais, docentes e institucións do entorno.

O **obxectivo xeral** que busca conseguir este Plan de Orientación Académico – Profesional é **contribuir á toma de decisións dos alumnos** tanto no seu paso de Primaria a ESO ou no seu paso da ESO ás modalidades educativas posteriores (*tipos de bacharelato ou ciclos formativos de grado medio ...*), do bacharelato as modalidades educativas posteriores (*graos universitarios ou ciclos formativos de grado superior ...*), así como a orientación a alumnos de ESO sobre opcionalidade e optatividade.

Xunto a este obxectivo xeral acompañaría os seguintes **obxetivos específicos:**

ALUMNOS:

- 1) Formarse unha imaxen axustada e realista de si mesmo, das súas características e posibilidades en relación co seu entorno socioprofesional.
- 2) Desenvolver actividades que favorezan o seu autoconecemento respecto ós seus intereses e motivacións buscando a súa madurez vocacional.

- 3) Obter, seleccionar e interpretar información utilizándoa dunha forma autónoma, organizada e crítica.
- 4) Desenvolver habilidades de busca e tratamento da información.
- 5) Tomar decisións responsables, froito do contraste entre o autocoñecemento, a observación e a comprensión básica do entorno socioeconómico.
- 6) Manter una actitude de indagación e curiosidade por coñecer as características e demandas do seu entorno socioeconómico local e comarcal, e intereses por participar e intervir no desenrolo do mesmo con autonomía e sentido da iniciativa.

FAMILIAS:

- 7) Informar as familias sobre as características, intereses e posibilidades dos fillos.
- 8) Solicitar e implicar a súa colaboración na orientación e toma de decisións do seu fillo.

DOCENTES:

- 9) Favorecer a coordinación entre docentes para levar a cabo a orientación académico-profesional.
- 10) Implicalos na planificación, implementación e avaliación do POAP.
- 11) Asesoralos sobre recursos, actividades e materiais a empregar.

ENTORNO:

- 12) Favorecer contactos con empresas para establecer visitas que permitan coñecer a realidade laboral.
- 13) Solicitar a colaboración das institucións incluídas no Plan Galego de Formación Profesional (cando as circunstancias o permitan).
- 14) Feiras de educación.

5. LÍÑAS DE ACTUACIÓN.

